

Pruebas de acceso a Ciclos Formativos de Grao Superior Curso 2015

Departamento de Información
e Orientación Profesional

Acceso mediante proba

(reserva do **20%** das prazas para alumnos que non cumpran os requisitos académicos esixidos -Título de bacharelato-).

- **Ter 19 anos ou cumprilos no 2015.** No caso de ter o Título de Técnico dun CM que pertenza a algunha familia profesional incluída na opción á que opta, o requisito de idade é de **18 anos.**)
- **Non ter os requisitos académicos para o acceso directo.**

Estructura da proba

A proba de acceso consta de **dúas partes**:

- Parte común
- Parte específica

Parte común

Relacionada cos contidos do bacharelato:

- Lingua galega.
- Lingua castelá.
- Matemáticas.

Parte específica

Organizarase en tres opcións: A, B e C en función das familias profesionais e as materias establecidas para cada unha delas. Deberase **elixir unha das tres opcións** no momento de formalizar a inscrición **escolloendo dúas das tres materias** das que quere examinarse:

Parte específica

OPCIÓN A: economía da empresa, lingua estranxeira e filosofía e cidadanía.

OPCIÓN B: debuxo técnico, tecnoloxía industrial e física.

OPCIÓN C: ciencias da terra e ambientais, química e bioloxía.

Cualificación da proba

A **valoración** será numérica entre cero e dez. A nota final calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de catro en cada parte e será a media aritmética destas con dous decimais.

Para a superación da proba será necesario obter unha cualificación de cinco ou superior. En caso contrario a nota final será non apto.

Certificación

Quen realice a proba recibirá unha certificación coa nota final e a cualificación obtida en cada unha das partes.

A superación da totalidade da proba será válida como requisito de acceso a todos os ciclos formativos relacionados coa opción elixida para a proba e en todo o territorio nacional, e manterá a súa vixencia sempre que non se modifique o título e as ensinanzas correspondentes ao ciclo formativo.

No caso de non superar a totalidade da proba, a cualificación nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco manterase en futuras convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior en Galicia durante un máximo de dous anos.

Calendario

Inscripción na secretaría dos institutos nos que se imparta FP

23 feb. - 6 marzo

Relación provisional persoas **inscritas** no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou a inscrición

23 marzo

Reclamación a listaxe provisional de inscritos

24 - 26 marzo

Relación definitiva de inscritos
Publicación de sedes de exames

17 abril

Celebración da proba

As probas de acceso celebraranse o día

29 de abril de 2015